NOTAS DE CAMPO

Textos e debuxos do natural por *Oitabén.*

Pantorrillo (*Phoenicurus ochruros)*

Polo de agora temos observado, no noso bosque, a este simpático paxariño de 14 centímetros de longo e 15 gramos de peso, nos polígonos 5 e 12. No polígono 5 témolo visto pousado nos penedos da parcela 184 e sobre a embocadura de cemento dun pozo na parcela 164a, ambas da paraxe catastral do Valdasmo. No polígono 12 é frecuente nas parcelas 7a, 10 e 12 da paraxe catastral da Chousa, sobre os muros de pedra que dan ó camiño das Regadas. No casco urbano de Beade é relativamente abundante, criando en buratos e mesmo na decoración metálica dalgunha farola pública. O pantorrillo resulta simpático polos seus movementos nerviosos de encollerse e estirarse ó tempo que move o rabo de cor avermellada. Básicamente é insectívoro, consumindo tamén algo de materia vexetal.

Pintega (*Salamandra salamandra gallaica*)

Coñecida tamén por outros nomes como: pezoña, roncha, sacabeira, salamántiga, zaramela... a píntega é un anfibio urodelo bastante común en Ridimoas. Nas nosas parcelas 28 e 30 da paraxe do Penxo, pertencentes ó polígono 12, conta cun hábitat especialmente acondicionado para as súas necesidades vitais. O tamaño das píntegas está comprendido entre os 12 e os 18 centímetros, polo que resulta o anfibio máis grande do noso bosque. A súa reprodución é ovovivípara e a femia pare as crías nas augas puras das pozas e mananciais do bosque, abandonando despois a auga para non afogar, pois en estado adulto carece de branquias. As larvas ó nacer xa teñen as catro extremidades ben formadas e provistas de catro dedos nas anteriores e cinco nas posteriores, carecendo de membranas interdixitais; respiran por branquias plumosas e presentan crista dorsocaudal que comeza desde a metade do corpo. A píntega é un animal lonxevo podendo vivir uns 50 anos.



Orquídea *(Orhis morio)*

O 15 de marzo de 2013 atopamos esta orquídea na nosa parcela 4 do polígono 12 na paraxe do Valdasmo. Tratábase dun único exemplar de 20 centímetros de alto que estaba vexetando debaixo do tendido eléctrico de alta tensión. Aquí rozamos estrume para a egua e por efecto das repetidas rozas manuais o terreo, pouco a pouco, vaise parecendo a un pasteiro con preponderancia da herba *Agrostis curtisii*. As flores desta orquídea son de cor púrpura intensa. Na parte subterránea presenta un par de tubérculos que fan lembrar a testículos, en grego *orchis,* de aí o nome xenérico. O debuxo adxunto corresponde a un pé observado xunto a outros, nun monte ó suroeste de Ridimoas, con data 28 de marzo de 1986 e que presentaba as follas roídas. Posiblemente os invernos e primaveras de moita chuvia fagan que xermole esta orquídea.



Texto e esquema por *Oitabén.*
Debuxo do natural: Escolopendra por *Poldras.*

NOTAS DE CAMPO

Escolopendra *(Scolopendra cingulata)*



Corpulento cempés –o da ilustración mediu 12 centímetros- que vive baixo pedras e noutras cavidades das que sae pola noite para cazar vermes, moluscos, pequenos réptiles e mesmo micromamíferos. Captura as presas inoculándolle o veleno das súas forcípulas. Na reprodución, a principios da primavera, a femia pon 20 ou 30 ovos de cor ocre amarela que ela mesma protexe co seu corpo durante trinta ou máis días de incubación. Despois de naceren as crías teñen unha esperanza de vida comprendida entre dous e sete anos. A picadura da escolopendra causa, nas persoas, inflamación aguda con edema e necrose local, descendendo os síntomas ás dúas ou tres horas, desaparecendo totalmente ós tres días. No noso bosque vemos frecuentemente a este artrópodo na parcela 7a-b do polígono 12 na paraxe do Valdasmo. Damos con ela cando levantamos pedras ou retiramos terra e unha vez atopamos un individuo grande, dentro dun envase de lata.

A NOSA REALIDADE

Co gallo de que os socios/as teñan unha mellor comprensión espacial das localizacións citadas, neste e noutros boletíns informativos, aportamos este esquema coa situación e configuración dos polígonos catastrais do concello de Beade (Ourense). Obsérvese que varias parcelas nosas do polígono 3 continúan no concello de Leiro, ó outro lado do Regato A Barbaña.



Bosque Ridimoas, existente en oito polígonos catastrais de Beade.

Viñas.

DATOS METEOROLÓXICOS

2013	Precipitación l/m²	Días chuvia	Acidez (pH)		Nube dominante	Temperatura (ºC)	
			Máxima	Mínima		Máxima	Mínima
Xaneiro	235,1	13	5,6	6,2	Nimboestratos	19,5	-0,5
Febreiro	70,1	6	5,9	6,6	Estratocúmulos	17,8	-4,0
Marzo	236,9	19	5,6	5,9	Nimboestratos	20,0	-3,5
Abril	75,4	7	5,7	6,4	Nimboestratos	27,3	-2,0
Maio	33,2	7	5,8	6,0	Cúmulos	28,1	2,1
Xuño	16,1	4	5,8	6,0	Estratocúmulos	37,1	6,2
Xullo	11,7	2	5,9	6,1	Cúmulos	42,0	11,0
Agosto	0,0	0	-	-	Cúmulos	39,2	10,0
Setembro	112,5	6	6,1	6,2	Nimboestratos	36,5	5,3
Outubro	278,9	16	5,4	6,3	Nimboestratos	24,5	3,8
Novembro	67,6	5	5,7	6,6	Estratos	19,4	-6
Decembro	203,3	11	5,6	6,4	Estratos	15,4	-5,8
TOTAIS	1.340,8	96	Máxima absoluta 5,4	Mínima absoluta 6,6	Nimboestratos	Máxima absoluta 42,0	Mínima absoluta -6,0

Media: 14,09

RESUMO DE NOTAS FENOLÓXICAS

Observamos - Escoitamos:	Data Día - Mes	Temperatura (ºC) Máxima - Mínima		Ceo	Vento
1º narciso (*Narcissus bulbocodium*)	26 - I	19,5	-0,5	Cuberto	NE
Regreso da 1ª Cegoña (*Ciconia ciconia*)	2 - II	10,9	2,7	Fragmentado	N
1ª orquídea (*Orchis morio*)	15 - III	15,0	-1,5	Fragmentado	E
1º canto de cuco (*Cuculus canorus*)	9 - IV	15,0	9,8	Cuberto	E
1ª gatafornela (*Cyrcus cyaneus*)	23 - V	24,0	5	Sen nubes	NE
1º Canto de noitebra (*Caprimulgus e.*)	5 - VI	29,0	10	Disperso	SE
Cópula de insectos pau	24 - VII	30,0	14,2	Fragmentado	SE
Teixugo (*Meles meles*)	16 - VIII	31,5	18,5	Fragmentado	NE
Morodos (*Arbutus unedo*) maduros	13 - IX	33,2	10,5	Sen nubes	NE
1º tollemerendas (*Crocus serotinus*)	11 - X	21,2	8,7	Disperso	NE
Escolopendra (*Scolopendra cingulata*)	6 – XI	18,1	15	Cuberto	SE
1as follas de sabugueiro (*Sambucus n.*)	14 – XII	11,0	0,3	Fragmentado	NE

CONVOCATORIA: ASEMBLEA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

APRECIADO SOCIO/A

Cumprindo cos estatutos, convocámoste á ASEMBLEA ANUAL ORDINARIA que se celebrará o vindeiro día **9 de marzo de 2014** (domingo) no I.E.S. de Ribadavia (Ourense) ás 11:30 horas en primeira convocatoria e na que trataremos os seguintes puntos da orde do día:

1.- Lectura e aprobación se procede da acta da asemblea anterior.
2.- Informe sobre o estado do bosque Ridimoas e dos traballos realizados en 2013.
3.- Informe económico.
4.- Actividades para o ano 2014.
5.- Explicación sobre os contidos da nova web.
6.- Rogos e preguntas.

ACTIVIDADES PARA O RESTO DO DÍA

No I.E.S. de Ribadavia poderase visitar a exposición permanente sobre Ridimoas e no vestíbulo estará unha mostra de gravados sobre a flora e fauna do noso bosque, realizados por Poldras. Prezo especial para socios/as 20 € cada gravado. O recadado será destinado ó mantemento do bosque. Os asistentes poderán mercar por 5 € a carpeta didáctica de visita ó bosque. Tamén estará a venda mel das abellas do socio Celso Gómez. O prezo dun quilo será de 6 €.

Ás 14:00 horas, xantar no MESÓN A LAREIRA, e-mail: info@mesonlareira.com. Teléfono: 988492468. Para chegar ó Mesón A Lareira desde o centro do casco urbano de Ribadavia, á beira do río Avia e fronte á igrexa de San Francisco, cóllese a estrada da Arnoia e despois de pasar o río Miño, a un km aproximadamente, a man esquerda, xa se chega. O menú será un bo cocido, viño, postre e café por un custo de 15 € por persoa. Pregamos ós socios e socias que decidan xantar connosco (poden vir acompañados por amigos e familiares) avisen ata o 5 de marzo no teléfono 988480062 indicando que é para o xantar de Ridimoas.

Tamén poden comunicalo no noso e-mail: **asociacion@ridimoas.com**

Ás 16:00 horas, despois do xantar, visitamos o bosque (traer calzado impermeable) desprazándonos 5 km ata a contorna da igrexa de Beade e desde alí faremos a pé un itinerario polo polígono 3 e pola zona sen catastrar do Concello de Leiro, pertencente ó bosque Ridimoas. Para elo, desde o contorno da igrexa (100 m.s.n.m.) descenderemos seguindo o camiño de Covelo ata chegar ó regato A Barbaña ou regato de Caldelas. Alí comprobaremos o resultado da repoboación con freixos (*Fraxinus angustifolia*) podendo ver fermosos pés de acereiro (*Prunus lusitanica*) así como bidueiros (*Betula pubescens*), salgueiros (*Salix atrocinerea*), fento real (*Osmunda regalis*), etc. Xa no termo municipal de Leiro, veremos todo o que queda por facer na erradicación de mimosas co gallo dunha posterior delimitación catastral das nosas parcelas. Nesta parte veremos bastantes carballos (*Quercus robur*), cancereixos (*Sorbus aucuparia*) e cerdeira de acios (*Prunus padus*).

Ó regreso cruzaremos o noso abeledo de abundantes abeleiras (*Corylus avellana*) e pasaremos por diante das ruínas do muíño.

Bandada de pombos (*Columba palumbus*) no bosque Ridimoas, co Coto de Novelle ó fondo. Escena do natural, debuxada por Oitabén e gravada no taller de *Poldras*.

A Barbaña, con abundante caudal ó paso pola presa do muíño. Foto: *Paula Rodríguez Domínguez*. Data: 7 de xaneiro de 2014.

MERCA DE MONTES

En marzo mercouse a parcela 9-10 da paraxe da Chousa. Esta parcela de media pendente con exposición leste é unha viña de catro socalcos, intercalada entre as nosas parcelas 4, 7, 11, e 12. A decisión de mercar esta viña foi para acabar co conflito ocasionado polo corzo cando se pon a pastar nos gromos primaverais das vides. Como antes de ser viña a parcela fora un bosque, comezamos a arrincar as cepas e nela plantamos: quince sobreiras, dous carballos, un castiñeiro e unha aciñeira.

En setembro mercouse a parcela 71 do polígono 5 na paraxe de Sanchegada situada, tamén, nunha pendente de exposición leste. Nela medra bosque caducifolio adulto de carballos, sobreiras e castiñeiros; sendo a zona preferida do buxato (*Buteo buteo*) para instalar o seu voluminoso niño.

Parcelas mercadas en 2013

Paraxe	Superficie m²	Prezo €
Chousa	2.506	4.000
Teixugueiras	2.146	2.000
Total: 2	4.652	6.000

MEMORIA ECONÓMICA

Ingresos:

Cotas socios/as	10.291,93 €
Remanente ano anterior	1.741,82 €
Donativos, carpetas de visita e gravados	445,00 €
Total	12.478,75 €

Gastos:

Merca de parcelas	6.000.00 €
Reparación tractor	1.105,38 €
Devolución de recibos e comisións	832,84 €
Facenda	600,00 €
Mantemento egua	320,00 €
Imprenta	280,00 €
Correos e secretaría	231,00 €
Silvicultura	150,00 €
Segregación de parcelas	40,44 €
Total	9.560,61 €

INGRESOS: 12.478,75 €
GASTOS: 9.560,61 €
Saldo 31/12/2013 2.918,14 €

NOVOS SOCIOS/AS

Altas: 8

Arias Casares, Victor Manuel
Bravo Portela, Ángel
Fenándes Alonso, Laura
Gil Muñoz, Alba
Osuna Carballeira, Juan Antonio
Penas Patiño, Clara
Santaolalla Bejarano, Eva
Vidal González, Nieves

Baixas: 9

Causas de baixas:
Por defunción: 1
A petición propia: 2
Por non actualizar datos: 6

Totais a 31/12/2013 ..... **Socios/as: 1.004**

NOVA FAUNA DO RIBEIRO

Na primavera de 2010 confirmouse a cría de andoriña dáurica (*Hirundo daurica*), no casco urbano de Beade. Posteriormente criou noutras localidades do Ribeiro. A andoriña dáurica é moi parecida á común pero diferénciase dela en que ten as puntas das ás e da rabeira máis grosas. Ademais de ter o voo máis lento, a súa mitra, gorxa, caluga e partes inferiores de cor ocre fan que a poidamos identificar con facilidade. O niño desta andoriña, con entrada tubular, resulta inconfundible.



Niño de andoriña dáurica en Beade.
Debuxo do natural por *Oitabén*.

É vital para Ridimoas que a ficha persoal, coa domiciliación bancaria estea sempre actualizada, tanto para recibir información como para pagar a cota anual. A mellor maneira de actualizar datos é remitirnos unha ficha ben cuberta. Outra opción é a do e-mail: **asociacion@ridimoas.com**
E para os que queiran ingresar a cota directamente, o noso código IBAN é:
ES05 2080 5332 8330 4002 0684 novagalicia banco, sucursal de Ribadavia. Rúa Progreso, 46; 32400 Ribadavia (Ourense).

¡Grazas por colaborar!

AS CONDICIÓNS CLIMÁTICAS DE RIDIMOAS (I)

Chamamos clima ás condicións atmosféricas medias ou máis probables dunha rexión. Coñecer a realidade climática dunha determinada área é fundamental para describir ese lugar desde o punto de vista natural, xa que vai ter unha gran importancia na distribución dos seres vivos e na paisaxe, ademais de afectar á agricultura e a outras actividades humanas.

Pero establecer cal é o clima dunha bisbarra ten as súas dificultades, dada a súa variabilidade, de maneira que para obter conclusións que nos permitan comparalos con outras zonas, próximas ou afastadas, deberemos ter series de parámetros climáticos, sobre todo de precipitacións e de temperaturas máximas e mínimas diarias, ao longo dun tempo suficiente como para que poidamos considerar os resultados froito dunha tendencia xeral e non desta variabilidade natural. En xeral considérase necesario un período de datos continuados de ó menos 30 anos, aínda que para algúns autores sería necesario un intervalo algo maior no caso das precipitacións.

Tamén deberemos ter en conta que, ó estar inmersos nun proceso de cambio climático acelerado provocado polo home, os resultados obtidos fai algunhas décadas e a información que se reflicte na bibliografía poden xa non representar a realidade actual.

No caso concreto de Ridimoas e en xeral no Ribeiro, esta dificultade vese acrecentada polo feito de estarmos nunha situación a cabalo entre dúas grandes áreas climáticas: por un lado a temperada, oceánica ou atlántica, e por outro mediterránea, que fai que pequenas variacións nos valores nos poidan levar a afirmar que formamos parte dun ou doutro macrobioclima. Máis aínda, segundo Carballeira *et al.*, estamos no seo dunha das zonas de Galicia de maior variación (gradiente) de temperatura e precipitacións, cando nos desprazamos sobre o terreo. Se a isto engadimos a ausencia nesta comarca de series de datos climáticos fiables e continuos, podemos xustificar a disparidade de conclusións dos distintos estudos deste tipo que inclúen esta bisbarra.

A Ridimoas, asociación cunha clara finalidade educativa e divulgativa, esta indefinición tennos causado importantes dificultades. En realidade si dispoñemos de datos climáticos continuos desde o ano 1996, recollidos de xeito paciente e rigoroso por Pablo Rodríguez "Oitaben" dentro de GLOBE (siglas en inglés de Aprendizaxes e Observacións Globais en Beneficio do Medio Ambiente) programa internacional para o fomento da investigación científica nos colexios de Primaria e Secundaria, que en estreita sociedade coa NASA, pretende achegar os procedementos científicos ós escolares, neste caso do IES de Ribadavia, sempre orientados cara o desenvolvemento sustentable. Esta recollida de datos continúa ata a actualidade, a pesar de que a colaboración co IES de Ribadavia e o programa GLOBE rematou, sendo tamén a fonte da información climática reflectida neste boletín.

Pero este labor estaba rexistrado en axendas de papel que non facilitaban un rápido estudo dos datos polo que deberon ser informatizados, trasladándoos a follas de cálculo para poder traballar con eles, proceso que levamos a cabo a longo deste ano.

A estación meteorolóxica está situada xunto a casa de Pablo na localidade de Beade, a escasos metros do bosque de Ridimoas e a unha altitude sobre o nivel do mar de 139 m. nun terreo cunha suave pendente cara o leste.

Como consecuencia do traballo realizado obtívose unha temperatura anual media ao longo destes anos de 14,41 graos centígrados e unhas precipitacións anuais medias de 1.126 mm. (ou litros por metro cadrado). Aínda que un período de 18 anos non é tan amplo como nos gustaría para establecer valores ou tendencias definitivas e as conclusións poden presentar diferenzas con outras estacións do Ribeiro, si os podemos considerar os máis fiables dos que se dispón e permítennos concluír que estamos máis próximos ó clima mediterráneo que ó atlántico, debido a existencia dun período estival de dous ou máis meses nos que as precipitacións son inferiores ó dobre da temperatura media neses mesmos meses, algo que con frecuencia se considera definitorio do clima mediterráneo.

Nunha próxima entrega trataremos de profundar nos resultados obtidos e nas consecuencias que estes teñen para a actividade da nosa asociación.

Texto e gráfico: *Xusto Veloso*



Ó representar a temperatura media fronte ás precipitacións, sendo a escala das precipitacións o dobre da temperatura, podemos observar a existencia dun período de precipitacións concentradas sobre todo entre outubro e xaneiro, cun certo repunte na primavera e a existencia dun período de seca estival nos meses de xuño, xullo e agosto.

AS PLANTAS DE SAN PEDRO

Unha das celebracións máis populares do Ribeiro ata hai uns 50 anos era a de San Pedro Mártir de Ribadavia, o 29 de abril. A cerimonia relixiosa tiña lugar na igrexa de San Domingos dende moi antigo, pois xa o 19 de decembro de 1361, Xoán Gomes, escudeiro e veciño da vila, deixou dito no testamento: *"Et outro açumbre [de aceite] aa lampaa dante o altar de San Pedro Marter polos seus días"*.

San Pedro Mártir ou de Verona (1205-1252), o primeiro mártir da orde dos dominicos, contaba con capela propia en todas as súas igrexas, que no caso de Ribadavia tentaron de converter en panteón familiar os condes do mesmo título, o ano 1569. A celebración revestía características moi singulares, pero non exclusivas de Galicia, como a bendición da auga e dos ramos, e, especialmente, o de ser avogoso dos *"endemoñados"* e dos doentes do *"ramo cativo"* e o *"tangaraño"*. Ese día en Ribadavia vendíanse as cousas máis disparatadas: ramallos de varias plantas para ter na casa e espetar nos campos; "rescritos" para arredar as chispas; "figas" contra o mal de ollo; "merda do demo" (asafétida) para espantar as meigas da casa, das persoas e da facenda; medallas, estampas... Tal era o ambiente, que en 1888 a revista humorística ourensá *"O Tío Marcos da Portela"* dedicoulle un poema que empeza con estes versos:

... Era a vila do Ribeiro
unha feira de meigallos,
un formigueiro de xente,
o demo e a nai do escándalo...

As plantas que máis se bendecían eran a oliveira (*Olea europaea*), o loureiro (*Laurus nobilis*), a ruda (*Ruta chalepensis*) e o romeu (*Rosmarinus officinalis*); pero tamén había outras, dependendo do costume de cada zona. En Ribadavia sabemos as que levaban, pola novela costumista "Ramo cativo (El Ribero del Avia)", do escritor e xornalista Jaime Solá Mestre (Vigo, 1874-1940), publicada en 1918: "... Pero no eran exclusivamente urbanos los amuletos. También nacían en el seno de las montañas, entre los dientes de la serranía, a los sones del aullar del lobo, debajo de las garras de los milanos. Eran plantas llenas de aroma, algunas cargadas de flores que titilaban como estrellas polícromas. Una vez benditas tenían aquellas hierbas tanta virtud para los labriegos, como los rescriptos... Y Ribadavia, invadida por aquel improvisado vergel, empezaba a oler a jardín y a montaña a lo largo de sus callejas angostas, de sus porches sombrosos, e sus joyantes huertas y del prestigio secular de sus glorias románicas..." Algunhas das plantas descritas son ben coñecidas pero non así outras. O biólogo Xusto Veloso, experto no coñecemento da flora ribeirá identificoume científicamente ás especies citadas por Jaime solá Mestre: Trovisco (*Dapne gnidium*), uz (*Erica arborea*) de flor branca e (*Erica australis*) de flor rosa, romanin ou romanizo (*Lavandula stoechas*), herba concheira (*Scrophularia auriculata*), herba caraveleira (*Geum urbanum*), herba da anduriña (*Chelidonium majus*), herba viboreira (*Echium rosulatum* e *Echium plantagineum*), herba da nosa señora (*Artemisia vulgaris*), herba luisa (*Lippia triphylla*), herba do becho (*Helichrysum stoechas* e *Lunaria annua*), herba da prata (*Ranunculus penicillatus* e *Ranunculus omiophyllus*) e herba cicuteira (*Conium maculatum*); aínda que tamén podería ser outra umbelífera semellante.

A igrexa prohibiu dende hai uns cincuenta anos todas estas manifestacións, quedando entón reducida a celebración ós actos relixiosos. A festa de San Pedro Mártir é o antecedente inmediato da Feira do viño do Ribeiro, celebrada por primeira vez en 1963.

Clodio González Pérez

Pequena oliveira (*Olea europaea*) con froito na paraxe do Poenxo. Polígono 12, parcela 28. Foto: *Cerviño*.

IMPRESOS
Dep. Legal OU-33/99

Asociación Cultural Ecolóxica Ridimoas Cultural
Para a defensa e estudio dos bosques autóctonos
Asociación Cultural-Ecolóxica
"RIDIMOAS"
Instituto de Ensinanza Secundaria de Ribadavia
Rúa do Carballiño s/n 32400 RIBADAVIA (Ourense)
Tfno e Fax: 988 470 817
www.ridimoas.com
e-mail: asociacion@ridimoas.com

as casiñas VIVENDAS TURÍSTICAS
www.ascasitas.es
Telfs: 988 472 192 · 636 968 847
R/ Rodríguez Moure, 17. 32400 Ribadavia (Ourense)

Informativo RiDiMoAS 2013
Boletín da Asociación Cultural Ecolóxica Ridimoas, fundada en 1988
Marzo de 2014

O MÁIS SALIENTABLE

A persistencia de Ridimoas aumentando territorio, mellorando hábitats, eliminando mimosas e protexendo a vida silvestre; ben merece encabezar esta sección. En segundo lugar citamos o Premio Sete carballas na sección de medio Ambiente, outorgada a Ridimoas pola fundación Ínsua dos poetas, na V Festa da Palabra, como homenaxe ó noso rexurdimento literario no século XIX a través das tres grandes voces: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal; no 150 aniversario de "Cantares gallegos". Tamén é salientable a publicación da última novela, Bícame Frank, de Miguel Anxo Fernández, onde no capítulo 26 volve a ter certa relevancia o bosque Ridimoas. Como adversidade salientamos a avería do tractor que nos custou 1.105,38 €.

¡ESTREAMOS NOVA PÁXINA WEB!

www.ridimoas.com
Unha nova páxina, máis actualizada,
na que poderás estar ó tanto de todo
o que aconteza no teu bosque.

Facebook: Ridimoas **Twitter:** @Ridimoas



Freixo (*Fraxinus angustifolia*) criado en maceta e transplantado no bosque Ridimoas. Foto: *Moncho*. Data: 30 de setembro de 2013.

PLANTANDO FREIXOS

No boletín informativo do ano pasado, na sección de Notas de Campo, comentabamos a precaria situación do freixo (*Fraxinus angustifolia*) no bosque Ridimoas, onde só censabamos dous pés de pouca idade. Con posteridade á publicación do boletín atopamos un terceiro pé, tamén pequeno, na beira do regato A Barbaña, vexetando entre os penedos da presa do muíño nunha parcela que aínda non está mercada pola asociación. Como o futuro do freixo a medio e longo prazo é incerto en Ridimoas, fixemos o que no citado boletín apuntabamos e repoboamos con brinzais dúas parcelas nosas do leste do bosque: a 163 e a 305 do polígono 3 que teñen condicións edafolóxicas propias dos freixos por lindaren coa marxe dereita do regato A Barbaña. As dúas suman 8.000 m^2 de superficie e nelas plantamos 24 brinzais procedentes da beira do Miño ó paso por Ourense, onde naceran espontáneos sobre un montón de esterco alí depositado. Estes brinzais medraron moi ben e algúns superaron o metro de altura. Contrariamente, das 17 estaquiñas extraídas dun exemplar de Ridimoas en novembro de 2012, só 4 lograron enraizar. Estas estaquiñas serán transplantadas ó lugar definitivo cando o seu vigor o permita.

Outras árbores plantadas en Ridimoas foron: vinte sobreiras (*Quercus suber*), quince carballos (*Quercus robur*), dúas figueiras (*Ficus carica*), un acereiro (*Prunus lusitanica*), unha cerdeira (*Prunus avium*), un castiñeiro (*Castanea sativa*) e unha nogueira (*Juglans regia*). Esperamos que da plantación sobrevivan algúns pés, pois o porco bravo xa fozou algúns malia estaren disimulados con silvas e fentos. Os que logren sobrevivir ás fozadas iniciais aínda terán que enfrontarse, nos vindeiros anos ás cornas do corzo.

As repoboacións forestais só prosperan nos montes baleiros de vida animal, pero Ridimoas está cheo de fauna silvestre e a sorte é un factor moi importante para que poida sobrevivir unha árbore nova.

O presidente: *Pablo Rodríguez*

XUNTA DIRECTIVA

Presidente: *Pablo Rodríguez Fernández.*
Vicepresidente: *David Rodríguez Barra.*
Tesoureiro: *Manuel López Fabello.*
Secretaria: *Pilar Raña Vázquez.*
Vocais: *Jorge Senén Barreiro Barreiro,*
María Carmen Rey Novoa,
Xosé Manuel Rodríguez Alonso e Xusto Veloso Moreda.